O CABESO

VOCEIRO DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO · Nº XIII · ANO 2014

amigos da dorna
PORTONOVO

A CRÓNICA DO VERÁN

A RECUPERACIÓN DA MILUCHA

REIVINDICANDO AS CHALANAS

A TRADICIÓN DE VAREAR AS DORNAS



EDITORIAL

Alá vai o 2014, para Amigos da Dorna un ano atípico en moitos aspectos, bos e malos. Para comezar, iniciamos a tempada de traballos e birras moito antes do habitual, e xa a mediados de xaneiro andábamos a rascar e lixar nunha dorniña que nos cedeu un coñecido de Beluso, da cal damos cumprida información nas seguintes páxinas.

Parece que alguén sospeitase que o ano ía ser accidentado coas embarcacións, xa que por precaución a mediados de xaneiro decidimos ir cortar uns piñeiros ao monte para telos gardados como paus de reserva, e aínda que finalmente non os usamos –*de momento*– o verán foi unha sucesión de reparacións constantes.

Ao mesmo tempo, como de costume, a finais de febreiro organizamos o Enterro da Sardiña, e a pesar de que o Concello cada ano axuda menos, conseguimos manter viva unha tradición tipicamente mariñeira que ademais xa consideramos propia.

Entre marzo e xuño, moito traballo nas dornas. A nova mantívonos ocupamos máis do planificado, e cando a primeiros de maio o tempo comezou a mellorar, rapidamente desinvernamos as outras con idea de poder navegar o máximo posible. A Jatiña como nova despois da restauración do ano pasado e Bicoca pendente de dedicarlle un pouco máis de tempo e cariño este próximo inverno.

Unha das moitas fotos de familia deste verán

Se hai unha espiña que nos vai quedar cravada neste 2014 esa é a da VII Regata do Sepelo, que primeiro tivemos programada para principios de xuño e despois quedou aprazada ata finais de setembro, pero que nin nunha nin na outra data puidemos celebrar, primeiro por exceso e despois por ausencia de vento. Pero isto non vai quedar así. Vémonos as caras en xuño do 2015!

O resto do verán foi tamén algo atípico. Foron meses de moitas concentracións pero poucas regatas. A ver se para o ano conseguimos organizarnos mellor para asistir a tódolos eventos, e se pode ser cunha tripulación gañadora, mellor.

En compensación podemos dicir que un ano máis a Escola de Navegación Tradicional foi un éxito. Temos que recoñecerlle a Anxo a maior parte do mérito, polo esforzo que supón organizar e ensinar a tantas persoas. Pero isto non sería posible sen a ilusión dos amigos que se nos achegan para unirse a esta gran familia. Xente, ademais, non só de Portonovo, senón chegada de Pontevedra ou Vigo, e que trae consigo un pulo de enerxía que nos anima a seguir traballando.

Agardemos que a aparición de novas caras tamén se plasme na configuración da nova directiva que vai marcar o rumbo da asociación nos próximos dous anos. As liñas de traballo a seguir están bastante claras: continuar ampliando a masa social, acadar dunha vez por todas a autorización de Portos para o pantalán e aspirar a aumentar dunha maneira sostible a flota de embarcacións da asociación.

Que todos os nosos desexos cheguen a bo porto no 2015!

Asóciate, colabora e participa!

cubancy PORTONOVO
maneiras de vestir
CLÍNICA NOVO PÉ
Podoloxía & Enfermería
RÚA AREAL, 32 PORTONOVO
TELÉFONO: 986 690 461
El Estanco
PORTONOVO

A CRÓNICA DO VERÁN

Desta volta, o inicio de tempada foi diferente a anos anteriores, pois a Jatiña xa quedara lista a finais do outono, logo de varias semanas no estaleiro dos Garrido. Polo tanto, a principios de maio xa tíñamos a nosa "dornasa" no mar con novo aspecto, e así comezaron as saídas aventureiras pola a ría.

A principios de xuño, a Regata do Sepelo ía inaugurar o calendario de regatas, pero por mor do mal tempo quedou aprazada. Pero como nunca choveu que non escampara, coa chegada do bo tempo partimos ría adentro, baixamos o pau e subimos o Lérez, ponte a ponte, ata a presa de Monteporreiro, coa a escusa do "Surfing the Lerez".

Un par de semanas despois, aínda co baile no corpo, partiu unha delegación galega cara Euskadi, da cal formamos parte os Amigos da Dorna, que armamos equipo e levamos a Jatiña ata Lekeitio para participar nunha xuntanza de embarcacións tradicionais. E iso foi posible grazas aos compañeiros de Bouzas, que nos deixaron o remolque, e ao Clube de Salvamento Sanxenxo, que nos cedeu unha das súas furgonetas. E moi agradecidos que lles estamos.

E entre días de escola e fins de semana navegando pola ría, chegou o mes de agosto e os membros máis novos da "academia" xunto co "mestre" puxemos proa a Cangas do Morrazo coa Jatiña, para participar na celebración do centenario da creación da Alianza Mariñeira, colectivo que foi fortemente reprimido durante a Guerra Civil.

E chegou a Volta a Arousa, que nesta edición contou coa participación da Bicoca (Alberto-Prado) e a Habana (Xoel-Samuel), todos eles alumnos da escola. As posicións foron discretas, pero ¿quen destaca na súa primeira olimpiada?

Coma tódolos anos, agosto é o mes das xuntanzas, e a mediados de mes cruzamos a ría coa Jatiña, Coninha, Bicoca e Habana, rumbo a Bueu para o seu XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais, é dicir, un fin de semana de festa rachada.

Logo de Bueu, a XIX Concentración de Embarcacións de Combarro, e aquí si, con toda a flota *–incluídas a Milucha e a Pirrakas–*, os de Portonovo seguimos dando a nota. Primeiro na regata a remos, xa que por enésima vez trouxemos dous trofeos para casa *–primeiro e segundo–*. E logo na regata de vela, onde a Jatiña tivo un papel destacado, aínda que sen recoñecemento en forma de premio.

Este ano o verán estendeuse un pouco máis, xa que se volveu convocar unha nova edición das xuntanzas patrocinadas pola Deputación de Pontevedra. Así que o primeiro fin de semana de setembro puxemos proa á ría de Arousa, para arribar á enseada de Porto Meloxo, onde o conxunto museístico de Punta Moreiras nos agardaba. Coma sempre, a Jatiña foi o noso buque insignia, acompañada por Bicoca e Habana.

Aínda non chegaba co este último evento, que en Aguete, os compañeiros de Ronsel convocaron unha nova concentración, polo que, unha semana despois de vir do Grove, cruzamos a ría coa Jatiña para participar nestas xornadas.

Debido á xuntanza de Aguete, houbo que aprazar o tradicional Desembarco en Ons, pero por mor do mal tempo non fomos quen de ir coas nosas dornas ata a illa. Non viron o mar tan mal os compañeiros de Bueu, que si partiron nos seus barcos *–a travesía foi dura e rápida, pero chegaron sans e salvos–*. Por orgullo, dous días despois partiu cara Ons a Habana, facendo acto de presenza nunha illa xa deserta de xente.

E como sempre dicimos, para o ano, máis, e moito mellor!

Os "lisensiados" navegando pola ría de Vigo

A BATEA
O Risonsiño bar pub
Angeles Camiña CENTRO DE ESTÉTICA
Portovello TABERNA MARISQUERÍA PORTONOVO

A RECUPERACIÓN DA MILUCHA

Estes días fai xusto un ano que recibíamos o ofrecemento dunha dorna polbeira que o amigo dun amigo –*xa sabedes como son estas cousas*– mercara había uns anos e que, ao non poder atendela, decidira levala para casa, onde permanecía á intemperie, restando os días para comezar a apodrecer e ser irrecuperable.

A dorna levaba xa uns anos á intemperie

Como a misión corría presa, sen demora puxemos rumbo a Beluso e antes do fin de ano xa tíñamos a dorna en Portonovo. Pero como a resaca da cea de natal durou máis do planificado, non foi ata finais de xaneiro que comezamos a currar nela.

De inicio tocou rascar, rascar e rascar. De proa a popa e da obra viva á cuberta. Menos mal que a cuadrilla de traballo foi ampla: por alí pasaron Dani Barbeito –*exercendo como capataz*–, David Prado –*como primeiro oficial*– e Colin –*como supervisor*–. E cun contrato temporal Ñan, Jandro, Txin, Jose Prado, Anxo e algún que outro indocumentado. Así, unha semana e dez rasquetas despois a dorna estaba lista para a seguinte fase, o secado!

O proceso de curación demorou máis do agardado e so a finais de marzo, tras algúns días de nortada, a madeira secou o suficiente para poder ser lixala. E niso andivemos, frega que frega, a man e a máquina, ata que se acabaron as birras e o supervisor decidiu dar por rematada a tortura.

Superado isto, xa so quedaba o traballo fino, que é onde realmente destacamos os Amigos da Dorna. Dito e feito, xa que nunha tarde cambiábamos algunhas táboas en mal estado e recompoñiamos a cuberta. E inmediatamente despois, a virar a dorna quilla arriba para recravar o casco e aplicar sicaflex nas xuntas das táboas para evitar vías de auga.

Os oficiáis instruíndo aos aprendices na arte do rascado

Concluídos os traballos de carpintería, era o momento de devolverlle á madeira o cheiro a alcatrán. E parece que lle gustou, pois chupou medio caldeiro.

E cando todo parecía ir polo bo camiño, chegaron os conflitos. Despois tres meses traballando tíñamos unha dorna sen cor e sen nome, que é como non ter nada. Sabíamos que non a queríamos pintar de azul –*para que a Bicoca non se celase*– pero máis alá diso as opinións eran variadas. Tivo que ser o azar quen determinase que luciría de vermello, ao estilo ribeirense. Agora ben, escoller un nome xa era outra cousa. E confiar de novo no azar non estaba entre as posibilidades. Así que establecemos unha quenda de propostas –*na que se valoraron nomes como Peixeira, Golfina ou Rumorosa*– e logo votamos, resultando gañadora Milucha.

Pintada e bautizada, era o momento de devolvela ao seu lugar natural, que é o mar. Así que a finais de abril abandonou a unidade de coidados intensivos da nave dos Barbeito destino a rampla do porto, onde rematamos de reanimala cunhas mans de alcatrán e aceite de teca.

RESTAURANTE casa DIONISIO

DAVID PAZ
FONTANERÍA
CALEFACCIÓN
REFORMAS
645 90 83 67
pazleiro@hotmail.com

BAR LA OBRA

SHEDACORIA
CONSTRUCIÓN E REHABILITACIÓN
TLF: 659·968·615
PORTONOVO

Ao día seguinte, cando finalmente a deslizamos ata a auga, nin acreditábamos que un barco tan pequeno nos tivese dado tanto traballo. De feito, xa no mar e ao longo de todo o verán tivemos que continuar facéndolle arranxos a medida que xurdían os problemas, especialmente en forma de pequenas vías de auga.

Nova cor e novo nome: dorna nova!

Pero unha vez que a vimos navegar tivemos a recompensa polo traballo e a ilusión investidas, non en van podemos considerarnos os salvadores dunha dorna que, con seguridade, estaba condenada a apodrecer fora do mar e, dende logo, non esperaba esta nova vida, e moito menos rodeada duns Amigos tan caralludos como os que agora ten en Portonovo. Longa vida á Milucha!

A Milucha xa se incorporou ao Curso de Navegación Tradicional

A SURFEIRA

Hai un par de anos que entre algúns socios comezamos a falar sobre a posibilidade de facernos cargo da Surfeira. Obviamente iso suporía máis traballo e máis gastos, pero aínda así sempre chegábamos á conclusión de que pagaría a pena o esforzo, non so por volver vela navegar, senón por ter a nosa disposición un barco dese tamaño, o cal suporía un importante paso adiante.

O caso é que por unhas ou por outras a idea sempre quedaba niso, nunha simple idea, ata que hai un par de meses volvemos falar con Manolo e achegamos posturas. De momento non hai nada pechado, pero estamos buscando financiamento a través de patrocinadores para mercala e levar a cabo unha restauración en profundidade, que, ademais dos arranxos de carpintería, incluiría entre outras cousas a instalación dun motor intraborda e a substitución das antigas velas por un xogo novo.

Ademais de para continuar a participar nas concentracións de embarcacións tradicionais que se promoven dende a Federación Galega Pola Cultura Marítima e Fluvial, gustaríanos converter a Surfeira no noso particular buque escola, pois ao tratarse dunha dorna de 8 metros permitiríanos levar unha tripulación máis ampla nas prácticas de navegación.

Chegados a este punto vamos facer o que estea ao noso alcance para que a Surfeira volva ao mar, e se pode ser en Portonovo, moito mellor.

A Surfeira saíndo do porto hai uns anos

GROUCHO BARX
PANADERÍA - BOLLERÍA Rosita Más de 50 años a su servicio
LA BOTICA ROCK
CEDA EL VASO
TABERNA MARUCA TLF: 619 534 056 A BARROSA

REIVINDICANDO AS CHALANAS

Dornas, gamelas, galeóns e ata lanchas xeiteiras son algunhas das tipoloxías que nas últimas décadas teñen espertado o interés das asociacións dedicadas á recuperación e conservación das embarcacións tradicionais de Galicia. E sen embargo, ata hai ben pouco, escasos esforzos máis alá dos de carácter particular se tiñan dedicado a conservar a que probablemente sexa a tipoloxía máis abundante e, por tanto, unha das máis representativas do país: a chalana. Con todo, parece que nos últimos anos están xurdindo iniciativas no ámbito cooperativo para dignificar e recoñecer o valor patrimonial desta humilde embarcación tradicional. Así, estamos asistindo, aínda que con bastante atraso en relación a outras tipoloxías *–tal vez por considerala menos nobre–*, aos primeiros exemplos de reivindicación cultural da chalana, que se ben non servirán para impedir que continúen a apodrentar abandonadas nas praias e ramplas dos portos, axudarán a mudar a súa consideración social e pode que a favorecer a súa conservación.

Como ben apuntan os seus autores no artigo *"Fálame de barcos"*, publicado no número 2 (2005) da revista Ardentía, a palabra *chalana* provén do francés *chaland*, que da nome ao mesmo tipo de barco que na Galiza. Agora ben, nalgúns lugares ás embarcacións da familia das chalanas tamén se lles chama popularmente botes, choupáns, loros ou ata gamelas (non confundir coas gamelas de Coruxo ou A Guarda, pois son dúas tipoloxías completamente diferentes). Esta abundante terminoloxía xa nos serve para facernos unha idea do rica e variada que é esta tipoloxía.

A grandes rasgos, trátase dunha embarcación pequena *–de en torno aos 4 ou 5 metros de eslora–* e de fondo plano *–sen quilla–*, característica das zonas interiores das rías, pois está mellor adaptada a navegar con pouco mar e especialmente deseñada para facelo en áreas con escaso calado. Con todo, é unha tipoloxía bastante máis mariñeira do que a simple vista puidese parecer, xa que unha vez escorada pasa a ter unha quilla en "uve". Propulsábase tanto a remos como a vela *–vela latina ou mística–*, so que a chegada dos motores foraborda provocou o abandono progresivo da navegación con vento. De feito, foi a súa capacidade para instalar con facilidade un motor *–segundo algúns entendidos a costa de perder a popa triaungular a favor da de espello–* o que axudou á súa conservación activa ata os nosos días, en que aínda é comunmente utilizada para pequenas actividades de pesca e marisqueo ou como auxiliar doutra embarcación maior.

www.marcosmoralcampos.blogspot.com

Presenta unha proa afiada *–algo no que se diferenza das gamelas coruxeira ou guardesa, que teñen proa e popa chatas–*, unha popa xeralmente en espello e uns costados lixeiramente perpendiculares ao eixo lonxitudinal do barco, cunhas táboas que poden ir a tope (xuntos os bordos das táboas) ou a calime (os bordos das táboas superpostos). Con todo, ao tratarse dunha tipoloxía tan estendida pola costa galega, existen variantes locais, como a chalana de popa hexagonal de Cabo de Cruz, o loro de Cambados, que ten popa en espello pero máis afiada do habitual noutras vilas, ou o choupán de Marín, que ten afiadas a proa e a popa.

Así as cousas, non é de estrañar que a chalana acabase por espertar o interés dos amantes das embarcacións tradicionais. E un bo exemplo diso son os esforzos por dignificala que teñen feito asociacións como o Grupo Cultural Ronsel, a Asociación Cultural Remadoira, a Asociación de Embarcacións Tradicionais A Torre ou o Clube Mariño A Reiboa, por citar algunhas.

E tamén dentro da nosa asociación temos dous socios, Macarena e David, que teñen experiencia na recuperación dunha chalana. Como eles mesmos recoñecen, había bastante tempo que tiñan pensado conseguir unha embarcación para saír pescar, navegar e, en definitiva, disfrutar do mar, que é o que nos une a todos. Pero a decisión de apostar por unha chalana comezou a fraguarse cando paseando unha tarde polo porto de Corbaceiras, en Pontevedra, chamou a súa atención entre todos os barcos alí amarrados unha fermosa chalana amarela a medio afundir. A pesar das condicións nas que se atopaba, mantiña o encanto das embarcacións tradicionais en madeira e, ademais, era a única que quedaba en todo o peirao.

Uns días despois tiveron noticias de que se vendía unha embarcación no porto e, para a súa

centro de ensinanza
BRETÉMA
Tlf: 666 821 888
Portonovo

MIRADOIRO bar

NAUTICA MAR-LEO, S.L.

boamorte
bikes.com

sorpresa, tratábase do barquiño do que quedaran namorados aquela tarde. Chamábase Lucía e fora construída no ano 1973. Orixinalmente era unha chalana de dúas proas, ao estilo dos choupáns de Marín, pero en 1993 recortáranlle a popa, colocando un espello para instalarlle un motor foraborda.

Tiveron que retirar toda a cuberta e a obra morta

A pesar de todo, eles estaban decididos a recuperar unha tipoloxía que consideran parte fundamental da historia marítimo-fluvial do fondo da ría, así que mercárona. Pero foi a partir dese momento cando comezou realmente o complicado. O primeiro paso foi reflotala e varala, para proceder a trasladala ao taller de carpintería de David.

Unha vez saneada a chalana, comezou a reconstrucción

Xa no taller puxéronse mans á obra, comezando por retirar a madeira podre. Unha táboa tras outra foron comprobando con desgusto que estaba en peores condicións do que agardaban. En resumo, ao final so conseguiron conservar o

Despois de nove meses de traballo este foi o resultado

pinchón, a roda e a obra viva. Todo o demais tivo que ser reconstruído. Foron nove meses de traballo e

En contra dos pesimistas, Lucía volveu navegar polo Lérez

aprendizaxe forzoso, para o cal tiveron o asesoramento de Fabián Garrido, quen lles ensinou algunhas técnicas propias da carpintería de ribeira.

Unha vez que estaba lista plantexáronse aparellala a vela, pero finalmente decidiron non facelo. Con todo, agora están planificando unha nova aventura: facerse cunha dorna polbeira.

Agardamos que o exemplo destes dous rapaces sirva para que outras chalanas sexan recuperadas e comecen a recibir o recoñecemento como embarcacións tradicionais que son e das cales tantas e tantas familias comeron no fondo das rías.

SUPERMERCADO C.B.
COMIDAS · RACIÓNS TABERNA A CURVA E VIÑOS
SUPERMERCADO YENNY FROIZ
LA FUENTE ferretería

A TRADICIÓN DE VAREAR AS DORNAS

A cultura tradicional galega, e en concreto a vinculada ao mundo do mar, abrangue moitas e moi variadas manifestacións populares. As tipoloxías de embarcacións son unha das máis recoñecidas, ao igual que as artes de pesca ou a arquitectura propia das vilas mariñeiras. Todas elas comparten entre si a súa natureza material, visible e palpable, e por tanto son facilmente identificables. Pero alén deste tipo, a cultura galega tamén está conformada por mitos, lendas, costumes e tradicións –*o chamado patrimonio inmaterial*–, unha sabedoría que foi transmitida oralmente durante xeracións de pais a fillos, pero que coa evolución da sociedade moderna foi perdendo a súa importancia e, en consecuencia, en moitos casos rematou desaparecendo, esquecida na memoria dos nosos devanceiros.

Un claro exemplo dunha tradición popular que morreu na primeira metade do século XX, acelerada pola modernización do sector pesqueiro, foi o costume de varear as dornas –*e as embarcacións en xeral*–, do cal apenas conservamos unhas poucas testemuñas escritas, e todo grazas á labor dalgúns historiadores que souberon valorar a importancia dunha cultura oral condenada ao esquecemento.

Un deses historiadores, a través do cal tivemos coñecemento desta crenza, foi Celestino Pardellas de Blas, quen no número 1 (1999) da revista Aunios dedicou un artigo á existencia desta tradición na illa de Ons, se ben tamén temos constancia da mesma noutras zonas próximas, como o Morrazo ou Vigo, polo que probablemente fose un fenómeno arraigado en moitas vilas costeiras.

Nunha sociedade na que o motor da economía era a pesca, que unha embarcación non tivese fortuna nas súas faenas supoñía un drama, ata o punto no que cando isto sucedía manifestábanse toda unha serie de supersticións, como un posible meigallo ou mal de ollo da mesma. Foi nese contexto onde naceu o costume de varear as dornas.

Así, cando a tripulación dunha dorna pasaba unha tempada sen pescar ou pescando pouco, supoñían que a embarcación estaba enmeigada, polo que levábana para terra e o patrón ía buscar unha bruxa –*ou varera*– para sacarlle o feitizo. Segundo din os vellos de Ons, para o ritual normalmente eran precisas unhas algas, area da praia onde se varaba normalmente a embarcación, malva rosa, un dente de allo e un pote. Ademais, a bruxa traía unhas herbas envoltas cun pano de man e unha vimbia.

Ás doce da noite reuníanse na praia os tripulantes da dorna coa varera (non podía haber ninguén máis). No pote introducíanse todos os ingredientes con auga do mar, e unha vez mesturados ofrecíase aos mariñeiros para que mollasen os pés e as mans. Feito iso, a bruxa botaba o resto por enriba da dorna e a continuación comezaba a bater –*ou varear*– nela coa vimbia ao tempo que berraba unha serie de frases que ninguén entendía.

Pero segundo parece non todas as vareras empregaban o mesmo método. Outra das que visitou Ons prefería, nunha noite de lúa, bendicir a dorna con auga santa e vareala cunha silveira. Incluso algunhas optaban por facer unha mestura de ambas: comezar cravándolle á dorna picos de silva e rematar vareándoa cunha vimbia de proa a popa.

Paralelamente ao costume de varear estaba a tradición de saír pescar nas vésperas do San Xoán e Natal, pensando que quen fixese boa pesca ese día tería sorte para todo o ano. Pero, polo contrario, aquelas dornas que conseguiran poucas capturas probablemente xa estivesen enmeigadas e entón tiñan que ser desenfeitizadas esa noite ou non pescarían durante meses.

Para quitarlle o meigallo, no día de San Xoán, despois de consumirse a fogueira, as dornas que ata entón non tiveran moita sorte na pesca, tiñan que ser refregadas coas cinzas da fogueira. Mentres que na Noiteboa a embarcación tiña que quedar quilla arriba e ao día seguinte levar un caldeiro de auga de mar á igrexa para que o cura a bendicira. Con esa auga ás doce da noite baixaban á praia para baldeala, ao tempo que a refregaban coas cinzas do pau de Noiteboa (pau que ardía toda a noite na lareira e que empregaban en remedios).

AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO
Rúa Rafael Picó Nº 58
36970 Portonovo (Pontevedra)
Teléfonos: 647132552/650116126
correo@amigosdadorna.org
www.amigosdadorna.org
–atópanos tamén en facebook–

TEXTOS
Anxo Telmo
Alejandro Piñeiro
Macarena Sánchez
David Pérez

MAQUETACIÓN
Alejandro Piñeiro

IMAXES
Ignacio Velón
Alejandro Piñeiro
Macarena Sánchez
David Pérez

ILUSTRACIÓNS
Rubén Prol
Marcos Moral Campos